

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA, PARA ORGANIZACIÓN DA "VI EDICIÓN DO FESTIVAL ARVI DO PEIXE-VIGO SEAFEST 2025"

En Santiago de Compostela, na hora e data da sinatura dixital,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, de 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, Mercedes Rodríguez Moreda, xerente adxunta da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo (ARVI), con sede en Porto Pesqueiro, edif. Ramiro Gordejuela 36202 Vigo (Pontevedra), inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Social con data 7 de abril de 1.965, co nº 12.267, actuando na súa representación, de conformidade co disposto na escritura de poder de data dezaseis de decembro de dous mil vintecaturo ante o Notario de Vigo, D. Pablo Rueda Rodríguez Vila con número de protocolo 3.426.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.



SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resalta a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer o rendemento e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar – industria galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións.

TERCEIRO:

A Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran, constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies.



Nesta liña de actuacións está a organización da VI edición do festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025.

Dado que é a única asociación do sector da pesca capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración e que se trata dunha actuación única promovida por ARVI, non sería posible promover a concorrència competitiva con outras asociacións do sector.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, é polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

No marco do presente convenio desenvolveranse o "VI Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025", a celebrar do 10 ao 13 de xullo, en Vigo.

CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan a de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

No programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" que contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 mediante a



“Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas”, apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, a apertura de novos mercados e a consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución no mercado, así como proxectos de comunicación e promoción co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca, a acuicultura e a cadea ou busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) N° 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, o porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70 %.



QUINTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización do "VI Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025" xa que esta actividade redundará nunha mellora do sector pesqueiro.

SEXTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega (ARVI) para a realización de accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización VI edición do "Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025". A acción específica que se vai realizar derivada deste obxecto é o "VI Festival ARVI do Peixe- VIGO SEAFEST 2025":

A) Por parte de ARVI:

- Organización dos apartados de promoción do festival e relacións institucionais.
- Contratacións externas.
- Promoción e comunicación.
- Espazo gastronómico.
- Espazo actividades.



B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio a contratacións externas.
- Apoio promoción e comunicación.
- Apoio ao espazo gastronómico.
- Apoio ao espazo de actividades
- Mobiliario de cocina.
- Acometidas e servizos xerais.

SEGUNDA. - CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a ARVI polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de cento dezaioito mil cincocentos oitenta euros (118.580,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e



acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021 / 1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

No caso de que da execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberán asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula quinta emita outro ditame que estableza outro reparto, de maior ou inferior porcentaxe para cada unha das partes, tendo en conta as xustificacións que se presenten ao respecto.

ARVI empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Farase un único pago contra a presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

ARVI aportará unha declaración doutras axudas para a mesma finalidade do convenio e xunto coa documentación presentará a conta de resultados en relación á finalidade do convenio que abrangue todos os gastos e ingresos nos que se incorra na organización do evento obxecto do convenio.

Para facer efectivo o pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

ARVI obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.



No marco do presente convenio, ARVI obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio; así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangan todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo ARVI responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Para os efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo xefe de Planificación, Proxectos e Innovación, en representación de ARVI. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.



Neste senso, ARVI atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que de o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2025, non sendo susceptible de prórroga.

As actuacións elixibles no marco do presente convenio non poderán ser posteriores ao 30 de novembro de 2025.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se



non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio e a un só efecto no lugar e data indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola Cooperativa de Armadores de Pesca del
Puerto Vigo (ARVI)

A conselleira do Mar

A xerente adxunta

Marta Villaverde Acuña

Mercedes Rodríguez Moreda



ANEXO A
CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E O SEU ORZAMENTO GLOBAL

Accións a desenvolver	Aportación Xunta de Galicia	ARVI	Totais
1. Organización dos apartados de promoción do festival e relacións institucionais		16.500,00 €	16.500,00 €
2. Contratacións externas (servizos)	10.164,00 €	6.000,00 €	16.164,00 €
3. Promoción e comunicación	65.582,00 €	53.100,00 €	118.682,00 €
4. Espazo gastronómico	5.082,00 €	20.600,00 €	25.682,00 €
5. Espazo actividades	24.321,00 €	22.500,00 €	46.821,00 €
6. Mobiliario cociña	1.331,00 €		1.331,00 €
7. Acometidas e servizos xerais	12.100,00 €		12.100,00 €
Totais	118.580,00 €	118.700,00 €	237.280,00 €

*Todas as cantidades inclúen o IVE

